



Diferentes medios de comunicación informaron, o pasado día 6 de outubro, que no Porto de Ferrol, un xuíz está a investigar un presunto delito de fraude fiscal coa comercialización de gasóleo alí desembarcado.

Resultando que, da información comentada toda vez que mostra implicacións de persoas e máis de entidades mercantís residentes ou radicadas no entorno territorial da comarca de O Salnés, é socialmente necesario verificar si no Porto de Vilagarcía poidera darse un feito semellante co destiño do gasóleo, inicialmente aquí depositado.

Por elo, o Grupo Municipal do BNG, en tanto que parte da Corporación do Concello de Vilagarcía, representados no Consello da Administración da Autoridade Portuaria local, sin que en ningún dos casos corresponda directamente a concelleiros do BNG; conforme coas normas que amparan o noso dereito a recibir información relacionada coa función de representatividade que desempeñamos institucionalmente,

R O G A M O S:

Qué, por V.E., directamente ou a través de representante/s da Corporación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía; traslade a nosa petición de ser informados, por escrito, das seguintes cuestións:

- 1. Cal foi o tráfico de buques para o suministro dos depósitos de combustibles no Peirao de Ferrazo, dende a súa posta en funcionamento operativo; así como da cantidade ou volumen desembarcado, relación de produtos e destino dos mesmos.***
- 2. Se as empresas concesionarias utilizan os produtos almacenados, nos referidos depósitos, para uso propio ou son distribuídos a outras empresas para ser destiñados a estacións de servizo de combustibles para automoción.***
- 3. Relación de empresas, tanto principias como subrogadas, que están a operar en relación cos depósitos de Ferrazo.***
- 4. Se a instalación dos depósitos está preparada para garantir o uso que se faga de cada un deles ou se estes están intercomunicados entre sí.***

Cordialmente,

Vilagarcía de Arousa, 9 de outubro de 2000

Xosé Castro Ratón
Voceiro do Grupo

SR. ALCALDE - CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA